



COSTA DE PONTEVEDRA

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2019



Distancia: Pontevedra a Placeres: 5,5 km (lineais)
Pontevedra a Pontesampaio: 12 km (lineais)
+ pequenas camiñadas

Dificultade: baixa



- 1-Esteiro do Lérez
- 2-Porto deportivo
- 3-Ponte da Barca
- 4-Peirao das Corvaceiras.
Río dos Gafos.
- 5-Lourizán
- 6-Placeres: O Cabo, praia.
- 7-Porto de Estribela
- 8-Esteiro do río Ulló. As Laceiras.
- 9-O Vao.
- 10-Illote do Castelo
- 11-A Rabaleira
- 12-Pontesampaio
- 13-Esteiro do Verdugo

O concello de Pontevedra conta cuns pequenos tramos de costa no fondo das rías de Pontevedra (5,5 km) e Vigo (1,2 km). É un litoral maiormente areoso ou lamacento con pequenos tramos rochosos de pouca altura e algún illote.

Son áreas de enorme importancia biolóxica que acollen un gran número de aves acuáticas, sobre todo no inverno. Nos areasais hai importantes zonas de marisqueo.

Unha parte do litoral na ría de Vigo está protexido no LIC/ZEC Enseada de San Simón.

Pontevedra é un concello que acolle importantes valores histórico-artísticos, centrados sobre todo no casco antigo da cidade, un dos mellores conservados de Galiza. As principais actividades son os servizos, o comercio, a industria e o turismo.

Unha boa parte do litoral de Pontevedra está ocupado por instalacións industriais, estradas, peiraos, estaleiros e propiedades privadas que en xeral impiden o acceso ao mar. Propoñemos un percorrido para coñecer os poucos puntos accesibles, combinando desprazamentos por estrada con pequenas camiñadas.

PERCORRIDO

A viaxe divídese en dous tramos, partindo do centro da cidade de Pontevedra.

Na ría de Pontevedra facemos unha primeira parada no **porto das Corvaceiras** e logo desprazámonos ata **Placeres**, onde deixamos o coche no **Cabo** (desde a rotonda pásase por debaixo da autovía) e damos unha pequena volta para ver a **praia**, os **estaleiros** e o **porto de Estribela**.

Na ría de Vigo collemos o desvío a **Pontesampaio**, pasamos polo **esteiro do Ulló** e facemos unha parada a carón do **río Verdugo** para coñecer o **esteiro**, a **ponte** e a **vila**. Para rematar podemos achegarnos ás pontes da estrada Pontevedra-Vigo para ver as vistas do esteiro e da costa.



RÍA DE PONTEVEDRA

É a máis pequena das rías baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabicastro, ao norte e o o cabo Udra, ao Sur. Está separada da ría de Vigo pola península do Morrazo na que se eleva a Serra de Domaio. O río máis importante que desauga nela o o Léz e do Castrove e Domaio baixan pequenos regatos. Na boca da ría atópase o arquipélago de Ons e no seu interior a pequena illa de Tambo.



O Léz, en Pontevedra.

1-Esteiro do Léz.


O río Léz nace na Serra do Candán, nas abas do San Bente e verte na ría de Pontevedra despois de 57 km de percorrido, formando un amplo esteiro moi colmatado, no que ata o século XIX funcionou un importante porto pesqueiro e comercial.



2-3-Porto deportivo e ponte da Barca



4-Peirao das Corvaceiras. Nas proximidades consérvanse algunhas casas mariñeiras





Desembocadura do río dos Gafos nas Corbaceiras



A Ría de Pontevedra desde o porto das Corbaceiras




Ría de Pontevedra



Un dos exemplos de ocupación e impacto no litoral de Pontevedra, o complexo ENCE-ELNOSA.




Costa de Pontevedra na ría de Pontevedra



Costa de Lourizán, ocupada pola autovía;
punta do Cabo e porto de Estribela.




6-Placeres: O cabo, praia.



RÍA DE VIGO

Ábrese entre o Cabo Home, ao norte e Cabo Silleiro, ao sur. É a ría máis longa de Galiza, con 33 km, unha superficie de 176 km² e unha profundidade máxima de 44 km. O río principal que a alimenta é o Verdugo. O estreito de Rande separa a parte interior chamada Enseada de San Simón, unha zona abrigada con augas pouco profundas, da exterior, máis aberta e de augas máis fondas. Na ría alternan os tramos rochosos, de pouca altura, os areais e as marismas. A costa do concello de Pontevedra inclúe unha pequena parte nos esteiros do Verdugo e do Ulló e a illa do Castelo.



LIC/ZEC Enseada de San Simón


Ocupa o fondo da Ría de Vigo, a partir do estreito de Rande. É unha cubeta tectónica moi colmatada de sedimentos procedentes das achegas dos ríos. É unha zona abrigada con augas pouco profundas, cunha gran superficie de marisma que queda descuberta ao baixar a marea e que acolle importantes bancos marisqueiros e área de enorme interese biolóxico.



8-Esteiro do río Ulló. As Laceiras. O río Ulló fórmase con varios regos que baixan dos montes de Pontecaldelas (A Fracha) e despois dun curto percorrido polo concello de Pontevedra, desemboca na ría de Vigo en Pontesampaio.




9-O Vao.



11-A Rabaleira



10-Illote do Castelo



12-Pontesampaio



Pontesampaio



Praia fluvial de Pontesampaio



Pontes sobre o Verdugo



13-Esteiro do Verdugo